

e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O gasto xerado por estas contratacións, con excepción das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, e o gasto que corresponda ás contratacións de persoal temporal dedicado á extinción de incendios forestais imputaranse ao concepto correspondente do artigo 13 no programa e na consellaría de que se trate.

Tres.-A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos nos que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos artigos 94 a 117 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. A intervención delegada do departamento certificará que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda computado sempre na súa proxección anual.

Catro.-A contratación poderá exceder do exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que pasen do devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco.-O servizo xurídico do departamento, organismo ou entidade emitirá informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización e, en especial, pronunciarse sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades esixidos pola lexislación laboral.

Seis.-Non poderán realizarse contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos sen autorización previa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sete.-Os contratos que se iniciasen durante o exercicio de 1999 ou anteriores e que teñan unha data de finalización posterior ao 31 de decembro de 1999 poderán continuar imputándose ao capítulo VI do orzamento de gastos do correspondente departamento ata o seu termo.

Artigo 26.-Nomeamento de profesores interinos a tempo parcial en centros docentes non universitarios.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar, nos centros docentes non universitarios, o nomeamento de profesores interinos con horarios de traballo inferiores aos establecidos con carácter xeral, que percibirán as retribucións básicas e complementarias de forma proporcional á xornada traballada.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tratará de completar o horario docente do persoal interino, compartindo, de ser necesario, varios centros de ensino, para minimizar deste xeito

o número de prazas ofertadas segundo o parágrafo anterior.

No caso de ser necesario o nomeamento para prazas a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 27.-Profesores de corpos docentes.

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no artigo 68, punto 5, da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e en atención ás peculiaridades do persoal docente, recoñecidas polo artigo 1, punto 2, da referida lei, os profesores dos corpos docentes previstos no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán percibir ata o total das súas retribucións tanto básicas coma complementarias cando sexan autorizados para o gozo de licenzas por estudos durante o curso escolar, nos supostos, termos, prazos e condicións que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Artigo 28.-Oferta de emprego público para o ano 2006.

Un.-O Consello da Xunta poderá autorizar, por proposta da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou, se é o caso, das consellarías competentes na materia e co informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, a convocatoria de prazas vacantes que se considere que poidan afectar o funcionamento dos servizos públicos esenciais, e que se concentrarán nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios, sen que o número das prazas de novo ingreso poida ser superior ao 100 por 100 da taxa de reposición de efectivos. Para estes efectos, consideraranse efectivos aqueles que veñan desempeñando a súa actividade en servizos que teñen carácter permanente na Comunidade Autónoma. En todo caso, a oferta de emprego incluírá todos os postos e prazas desempeñados por persoal interino, nomeado ou contratado no exercicio anterior, excepto aqueles sobre os que exista unha reserva do posto ou que estean incurso en procesos de provisión. Con este fin, realizaranse as adecuacións nos orzamentos que resulten precisas e sempre de acordo co previsto no artigo 9 desta lei.

Dous.-Malia o disposto no apartado Un deste artigo, poderanse convocar os postos ou as prazas que, estando orzamentariamente dotados e incluídos nas correspondentes relacións de postos de traballo, catálogos ou cadros de persoal, se encontren desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.

Tres.-Durante o ano 2006 non se procederá á contratación de novo persoal temporal nin ao nomeamento de funcionarios interinos, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e

inaprazables, con autorización conxunta das consellarías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Economía e Facenda. De calquera xeito, estes nomeamentos computarán para os efectos de cumprir o límite máximo da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público do mesmo ano a aquel no que se produza o devandito nomeamento e, se non fose posible, na seguinte oferta de emprego público.

Ao adecuarse estritamente ás necesidades do servizo e co límite máximo das previsións orzamentarias que se establecen para o efecto, non será necesaria esa autorización para as contratacións seguintes:

- a) Persoal docente.
- b) Persoal que preste servizos en institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde.
- c) Persoal laboral de centros e residencias de servizos sociais.

Así mesmo, e sempre dentro das limitacións orzamentarias previstas, non requirirán autorización previa as contratacións para substitucións do persoal que resulten imprescindibles para o bo funcionamento dos servizos.

Catro.-As convocatorias de prazas vacantes dos entes públicos aos que se refire o artigo 12.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e das sociedades de carácter mercantil dependentes do ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia deberán ser autorizadas conxuntamente pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola Consellería de Economía e Facenda.

TÍTULO III

Operacións de endebedamento e garantía

Capítulo I

Operacións de crédito

Artigo 29.-Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano.

Un.-Durante o exercicio de 2006 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma incrementarase en 140.000.000 de euros. Ademais, para o financiamento da adquisición de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.c) do artigo 2 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, autorízase un incremento de 7.000.000 de euros, que se destinarán á ampliación de capital na sociedade pública *Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*

Para estes efectos, inclúese a posición neta debedora da *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI)*.

Dous.-A posición neta debedora prevista no apartado Un anterior será efectiva ao termo do exercicio, podendo ser excedida no curso del, e quedará automaticamente revisada:

- a) Polas desviacións que poidan xurdir, a 30 de setembro, entre as previsións de ingresos incondicionados contidas nesta lei e a súa evolución real.

b) Polo importe necesario para financiar aqueles gastos de investimento que, se é o caso, puidesen ser obxecto de minoración como consecuencia das necesidades de liquidez derivadas dos diferentes ritmos dos fluxos financeiros de fondos procedentes das transferencias da Administración do Estado e da Unión Europea.

Estes importes serán cancelados na medida na que se realicen efectivamente os correspondentes ingresos.

Para as revisións ás que se refire esta letra b) establécese como límite máximo o 1,5% do importe total a que ascende o orzamento consolidado da Comunidade Autónoma.

c) Para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.c) do artigo 2 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que poidan xurdir ao longo do exercicio.

Tres.-A posición neta debedora poderá ser revisada, logo da autorización do Parlamento de Galicia, cando concorran circunstancias económicas imprevistas ao abeiro do establecido no artigo 8.8 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Catro.-Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo a concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda, non podendo establecerse ningún tipo de cláusula da que derive responsabilidade por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo unha vez realizada a subrogación.

O importe dos créditos hipotecarios vivos no ano 2006 non poderá superar en ningún caso os 24.000.000 de euros.

Para a súa instrumentación será preciso informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 30.-Débeda da tesouraría.

O Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesouraría, durante o exercicio do ano 2006, conforme o disposto no artigo 31 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, ata un importe que non supere o 15% da consignación que figura no orzamento da Administración xeral como ingresos correntes incondicionados, entendendo como tal a suma dos capítulos I, II e III e o concepto 400, agás o subconcepto 05.

Artigo 31.-Endebedamento dos organismos autónomos e das sociedades públicas.

Un.-Durante o exercicio do ano 2006 os organismos autónomos e as sociedades públicas da Comunidade Autónoma poderán concertar operacións para atender necesidades transitorias de tesouraría, con prazo de reembolso non superior a un ano, cun límite máximo do 10% da súa previsión inicial de ingresos correntes ou de explotación. A superación deste límite deberá ser autorizada polo conselleiro de Economía e Facenda.

Dous.-En ningún caso poderán concertarse sen autorización previa do conselleiro de Economía e Facenda operacións que impliquen a superación da variación de pasivos establecida nos orzamentos iniciais dos organismos autónomos e das sociedades públicas da Comunidade Autónoma.

Tres.-En todo caso, as disposicións das operacións financeiras previstas neste artigo deberanlle ser comunicadas á Consellería de Economía e Facenda no prazo máximo dun mes.

Capítulo II

Afianzamento por aval

Artigo 32.-Avais.

Un.-Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2006 será de 30.000.000 de euros.

Con independencia desa cantidade, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder durante o ano 2006 avais en contía que non supere en ningún momento un saldo efectivo vixente de 300.000.000 de euros.

Co obxecto de atender proxectos de axuda ao desenvolvemento no exterior, e dentro do saldo indicado no parágrafo anterior, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá avalar operacións de crédito ata 30.000.000 de euros.

Non obstante, por acordo da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, poderá autorizarse a ampliación da cantidade fixada para o Instituto Galego de Promoción Económica ata un importe igual ao non utilizado pola Xunta, sen que en ningún caso o saldo efectivo vixente do conxunto dos avais que por este artigo se autorizan poida superar a cifra de 330.000.000 de euros.

Dous.-O Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá acordar, logo de petición fundada dos interesados á consellaría correspondente, e por instancia desta, o inercicio das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, lle corresponden á Comunidade Autónoma como consecuencia da prestación por aquel de avais ou contraavais, cando, de se faceren efectivas aquelas, afectase grave ou substancialmente o mantemento da capacidade produtiva ou do nivel de emprego ou de renda de calquera dos sectores ou subsectores básicos da economía galega.

TÍTULO IV

Xestión orzamentaria

Capítulo único

Dos procedementos de xestión orzamentaria

Artigo 33.-Intervención limitada.

A contía á que se refire o artigo 97.1.a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario

de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda establecida no importe fixado para ter a consideración de contratos menores de subministración no Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Artigo 34.-Fiscalización de nomeamentos ou de contratos para substitución de persoal.

A fiscalización de nomeamentos e de contratos para substitucións de persoal por razóns de necesidade e de urxencia conxuntural realizarase con carácter previo á alta en nómina, mediante a verificación da adecuación do proceso de selección coa normativa vixente e da existencia de nomeamento ou de contrato, así como de crédito adecuado e suficiente de acordo co procedemento de control que para o efecto determine a intervención xeral.

Artigo 35.-Identificación dos proxectos de investimento.

As modificacións dos programas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos ou a variación dos existentes requirirán a asignación dun novo código pola Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda, logo da tramitación da oportuna modificación polo órgano competente segundo o previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 36.-Autorización do Consello da Xunta para contratar.

Requirirá autorización previa por parte do Consello da Xunta a tramitación de expedientes de gasto dos capítulos II e VI por contía superior a 3.005.000 euros. Logo de obterse a autorización, a aprobación do gasto corresponderalle ao órgano de contratación do departamento, organismo ou sociedade pública que xestione o crédito.

Artigo 37.-Tratamento dos créditos para expropiacións.

Os créditos destinados ao pagamento de expropiacións autorizadas con motivo da realización de expedientes de obras financiadas con fondos propios que á fin do anterior exercicio non fosen executados darán lugar, ao pechamento deste, á emisión de documentos «ADOK» en formalización con imputación á conta extraorzamentaria, e serán considerados no ano 2006 como ingresos do artigo 68, «Reintegros de operacións de capital», podendo dar lugar á xeración de crédito no subconcepto de expropiacións do capítulo VI de gastos.

Artigo 38.-Tratamento do crédito destinado ao pagamento da prima adicional da póliza de responsabilidade civil e patrimonial sanitaria.

O crédito destinado ao pagamento da prima adicional da póliza de responsabilidade civil e patrimonial sanitaria da Xunta de Galicia, que se inscribe no concepto «primas de seguros» da sec-

ción «Gastos de diversas consellaría», que á fin do anterior exercicio non fose executado, dará lugar, ao pechamento deste, á emisión dun documento «ADOK» en formalización con imputación á conta extraorxamentaria, e terá a condición de ingreso do capítulo III no exercicio de 2006 coa finalidade de xerar crédito nas dotacións que para ese obxecto figuren no estado de gastos.

Artigo 39.-Revisións de prezos contidos en concertos ou convenios.

Con carácter xeral, as revisións de prezos que se establezan nos concertos ou convenios que subscriban durante o ano 2006 a Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos ou as entidades de dereito público previstas no artigo 12.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, non poderán referenciarse por encima da evolución do índice de prezos ao consumo de Galicia. Igualmente, as revisións de prezos e tarifas que afecten a concertos ou convenios xa subscritos non poderán experimentar un incremento superior ao do IPC galego do anterior exercicio.

Excepcionalmente, por causas plenamente xustificadas ou por alteracións das condicións dos concertos ou convenios, o conselleiro de Economía e Facenda, por proposta do departamento correspondente, poderá autorizar a inclusión de cláusulas de revisión por contía diferente á indicada no parágrafo anterior.

Artigo 40.-Concesión directa de axudas e subvencións.

Con independencia do disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificado polo artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, poderán concederse de forma directa axudas ou subvencións nos seguintes casos:

a) As que deriven de convenios entre a Comunidade Autónoma e os entes públicos ou privados para a prestación de servizos ou actividades de carácter público ou de interese xeral, ou para a adquisición de bens de interese público, logo da oportuna xustificación razoada do órgano xestor, nas que non sexa posible promover a concorrència pública pola especificidade das características que debe cumprir a entidade ou actividade destinataria da subvención.

b) As axudas ou subvencións correntes ás que polo seu obxectivo de utilidade e interese social ou cultural, ou para promover a consecución dun fin público, non lles sexan aplicables os principios de publicidade e concorrència, sempre que a súa contía non supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano e as concedidas por cada departamento non excedan globalmente de 60.100 euros no exercicio. Estes importes elevaranse a 12.000 e 120.300 euros, respectivamente, para a sección 04, servizo 10, Secretaría Xeral da Presidencia.

Estas axudas ou subvencións poderán ser aboadas ao 100% dunha soa vez.

As que participando da mesma condición excedan dos límites cuantitativos anteriores deberán ser concedidas por acordo motivado do Consello da Xunta, do que se lle dará conta á Comisión correspondente do Parlamento de Galicia.

c) Excepcionalmente, as axudas ou subvencións de capital, logo de declaración pola Comisión Delegada da Xunta para Asuntos Económicos da súa utilidade e interese social ou do seu carácter estratéxico.

Os acordos de concesión deberán ser adoptados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do departamento competente por razón da materia.

Artigo 41.-Pagamento e garantías das axudas e subvencións.

Un.-De acordo coa natureza e co réxime das subvencións que se van conceder con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, quedan exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78.4.c) e 78.8 último parágrafo do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, os beneficiarios das axudas ou subvencións seguintes:

a) As libradas a favor da Comunidade Autónoma, das súas sociedades públicas e das fundacións do sector público autonómico, así como dos órganos estatutarios de Galicia.

b) As libradas a favor da Administración do Estado, dos seus organismos autónomos e das entidades públicas dela dependentes, así como dos órganos constitucionais.

c) As libradas a favor das universidades.

d) As libradas a favor das corporacións locais e dos seus organismos autónomos.

e) As bolsas e axudas destinadas expresamente a financiar estudos en centros de formación públicos e privados, cando as perciban directamente as persoas individuais beneficiarias.

f) As subvencións ou axudas con cargo aos créditos orxamentarios correspondentes ao artigo 48, «Famílias e institucións sen fins de lucro», e aquelas que non superen os 1.500 euros individualmente e se concedan con cargo ao artigo 78, «Famílias e institucións sen fins de lucro», do orzamento de gastos.

g) As subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario e axuda o importe de 1.500 euros.

h) As concedidas aos beneficiarios para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.

i) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.

j) As concedidas ás persoas xurídicas estranxeiras en materia de cooperación exterior.

Dous.-Quedan exceptuadas das limitacións de pagamento ata o 80% da axuda ou subvención á que fai referencia o punto 2. Un do artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, as bolsas que se concedan a persoas físicas beneficiarias directas destinadas expresamente a financiar estudos e investigación en centros públicos ou privados, con aboamentos que se efectúen a través de nóminas mensuais.

Artigo 42.-Convocatorias de axudas e subvencións.

As correspondentes convocatorias marcarán o prazo de presentación das solicitudes, que en ningún caso será inferior a un mes e respectarán o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que atinxe á presentación de documentos que constan en poder da Xunta de Galicia.

Artigo 43.-Solicitudes de axudas.

A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o requirido nas correspondentes bases reguladoras.

Artigo 44.-Rexistro público de axudas, subvencións e convenios.

As axudas, as subvencións e os convenios outorgados pola Xunta de Galicia figurarán nun rexistro con expresión das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, as cantidades concedidas, a normativa que amparou a concesión e a súa finalidade. O dito rexistro será de acceso público por procedementos informáticos, nos termos previstos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas normas sobre tratamento e protección de datos de carácter persoal.

A organización e entrada en funcionamento do rexistro establecerase regulamentariamente. En ningún caso a entrada en vigor será posterior ao 1 de xullo de 2006 e a súa adscrición efectuarase a Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 45.-Rexistro público de sancións.

As sancións administrativas firmes impostas pola Xunta de Galicia en materia de axudas e subvencións figurarán nun rexistro con expresión das persoas físicas ou xurídicas afectadas, a normativa infrinxida e o importe da sanción. O dito rexistro será de acceso público por procedementos informáticos, nos termos previstos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas normas sobre tratamento e protección de datos de carácter persoal.

A organización e entrada en funcionamento do rexistro establecerase regulamentariamente. En ningún caso a entrada en vigor será posterior ao 1 de xullo de 2006 e a súa adscrición efectuarase a Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 46.-Expedientes de dotación artística.

Á entrada en vigor desta lei, o 70% dos créditos afectados á realización de traballos de dotación artística, nas aplicacións correspondentes a proxectos técnicos de obras novas do capítulo VI non financiados polo Fondo de Compensación Interterritorial ou con fondos finalistas ou procedentes da Unión Europea, nin fondos propios que cofinancien, será obxecto de retención e transferido seguidamente á Consellería de Cultura e Deporte para a finalidade determinada na Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

A transferencia indicada terá carácter de «a conta» sobre a liquidación definitiva da porcentaxe que de acordo coa devandita Lei 12/1991 lles corresponde aos traballos de dotación artística, e non lle serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no apartado Sete do artigo 8 desta lei.

Artigo 47.-Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.

Un.-De acordo co establecido nos apartados segundo e terceiro do artigo 76 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2006, é o fixado no anexo 2 desta lei.

Dous.-As retribucións de persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2006, sen prexuízo da data na que se asine o Convenio colectivo da ensinanza privada, e a Administración autonómica pode aceptar pagamentos a conta, logo de solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e consulta coas sindicais, ata o momento no que se produza o asinamento do correspondente convenio, considerándose que estes pagamentos a conta terán efecto a partir do 1 de xaneiro de 2006.

Tres.-As contías sinaladas para salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola Administración, mediante pagamento delegado, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

O compoñente do módulo destinado a «outros gastos» terá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2006.

As contías correspondentes a este módulo aboaranse mensualmente e os centros poden xustificar a súa aplicación ao rematar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanza concertadas do centro.

Catro.-Os centros que impartan o primeiro e segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa aos que se refire o apartado 3 da disposición adicional terceira da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional axeitado a estas funcións, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teña concertadas o centro e ata un máximo de vinte e cinco horas por centro. Os custos do orientador, que se incluírán na nómina de pagamento delegado do centro, serán os correspondentes ao salario, gastos variables e complemento retributivo segundo o establecido nos módulos económicos por unidade escolar do primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria, respectivamente.

Cinco.-Facúltase o Consello da Xunta para fixar as relacións profesor/unidade concertadas adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base nas xornadas de profesor con vinte e cinco horas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto nos módulos económicos do anexo 2 desta lei, agás o establecido na Resolución do 1 de abril de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 24 de febreiro de 2005.

Seis.-A relación profesor/unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen na nómina de pagamento delegado.

TÍTULO V

Corporacións locais

Capítulo único

Cooperación económica coas corporacións locais

Artigo 48.-Instrumentos de cooperación económica.

As achegas da Xunta de Galicia ás entidades locais da Comunidade Autónoma materializaranse preferentemente a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da Comunidade Autónoma, e pola vía das subvencións e dos convenios, subscritos para

o desenvolvemento e a xestión de distintas actividades que corresponden ao ámbito das competencias da Administración local ou que se considera, en cada caso, que por aplicación do principio de subsidiariedade poderían ser mellor executadas por esta última. O montante total e a distribución por programas desas achegas figura recollida no anexo 3.

Artigo 49.-Fondo de Cooperación Local.

Un.-Conforme o indicado na disposición adicional oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, a porcentaxe, debidamente homoxeneizada, de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral queda establecida no 2,2544898% para o exercicio de 2006.

Esa porcentaxe desagregase da forma seguinte:

-Un 1,8945459% corresponde a un fondo principal que será obxecto de distribución entre todos os municipios de Galicia.

-Un 0,3599439% corresponde ao fondo adicional establecido na disposición adicional sexta da Lei 13/2004, do 29 de decembro, para a súa distribución entre os concellos con poboación inferior a 15.000 habitantes.

Dous.-Establécese un fondo complementario de nova creación, por importe de 6.000.000 de euros, que será distribuído entre os municipios e segundo os criterios que se determinen regulamentariamente, conforme a proposta que realice a Comisión Galega de Cooperación Local.

Tres.-Polo que respecta aos fondos principal e adicional mencionados no apartado Un deste artigo, os criterios de distribución continuarán sendo, en tanto non sexan modificados pola Comisión Galega de Cooperación Local, os establecidos no Decreto 5/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Fondo de Cooperación Local durante o período 2002-2004, e esténdense ao exercicio de 2006 as referencias incluídas na citada disposición sobre o ano 2004.

Catro.-A Comunidade Autónoma poderá reter das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, para a súa posterior compensación, o importe das débedas firmes, líquidas e esixibles, contraídas polos concellos coa Comunidade Autónoma, cos seus organismos autónomos e coas entidades de dereito público da Comunidade Autónoma que non teñan que adecuar por lei a súa actividade ao ordenamento xurídico privado.

Artigo 50.-Transferencias derivadas de convenios ou subvencións.

As transferencias ás entidades locais de Galicia, derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas de gasto destes orzamentos, ascenden a 333.379.641 euros.

TÍTULO VI
Normas tributarias
Capítulo I
Tributos propios

Artigo 51.-Taxas.

Un.-Elévanse os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia, ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,02 ás contías esixibles á entrada en vigor desta lei, exceptuando as tarifas que experimenten algunha modificación na contía no número Dous deste artigo; este coeficiente seralles aplicable ás deducións e ás contías que con carácter mínimo ou máximo se establecen en todo tipo de tarifas, tanto de taxas de contía fixa coma variable.

Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou esta non se valora en unidades monetarias.

Exceptúanse do incremento establecido anteriormente aquelas taxas que se recadan mediante efectos timbrados.

Dous.-Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras, na súa redacción vixente:

1) Modifícase a subalínea 07 da alínea 10 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«07 Acreditacións profesionais: 18 €».

2) Engádeselle a subalínea 08 á alínea 10 do anexo 1, coa seguinte redacción:

«08 Homologación de material de xogo: 80 €».

3) Modifícase a subalínea 06 da alínea 11 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«06 Acreditacións profesionais: 18 €».

4) Engádeselle a subalínea 07 á alínea 11 do anexo 1, coa seguinte redacción:

«07 Homologación de material de xogo: 80 €»

5) Modifícase a alínea 13 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«13 Rifas, tómbolas, apostas, combinacións aleatorias e lotarías:

01 Autorización de explotación: 89,51 €

02 Modificación da autorización de explotación: 44,79 €»

6) Engádeselle un novo título á alínea 20 do anexo 1, coa seguinte redacción e importes:

Título	Tarifa normal	Familia numerosa 1ª categoría	Familia numerosa 2ª categoría	Duplicado
Superior de música	60 €	30 €	0 €	6 €

7) Engádeselle a letra c) á alínea 27 do anexo 1, coa seguinte redacción:

«c) Copia en soporte dixital: 3 €».

8) Modifícase a alínea 33 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«33 Actuacións do rexistro da propiedade intelectual:

-Tramitación de solicitudes de inscrición, anotación ou cancelación:

-Con carácter xeral:

* Cando o autor e o titular son a mesma persoa: 10 €.

* Cando o autor e o titular son distintas persoas: 25 €.

-Casos específicos: obras audiovisuais, programas de ordenador, bases de datos, páxinas web e multimedia:

* Cando o autor e o titular son a mesma persoa: 16 €.

* Cando o autor e o titular son distintas persoas: 30 €.

-Por colección de obras: musicais, poemas, etc.:

* Primeira obra: 10 €.

* Por cada unha das seguintes: 1 €.

-Por obras colectivas: 70 €.

-Publicidade rexistral:

-Expedición de certificado: 10 €.

-Expedición de nota simple: 4,10 €.

-Expedición de copias certificadas de documentos en soporte papel (ata 10 páxinas): 10 €.

-A partir das seguintes páxinas (por cada páxina): 0,10 €.

-Expedición de copia certificada en soporte distinto ao papel: 7 €.

-Transmisións:

-Tramitación de solicitudes de inscrición por transmisión de dereitos xa inscritos (segundas e sucesivas inscricións): 40 €.

-Tramitación de solicitudes de inscrición por transmisión *mortis causa*: 30 €.

-Traslado de expediente: 30 €».

9) Modifícase a alínea 40 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«40 Autorización de probas deportivas e outros espectáculos públicos e actividades recreativas en vías públicas: 51 €».

10) Engádeselle a alínea 41 ao anexo 1, coa seguinte redacción:

«41 Actuacións en materia de seguros:

01 Inscrición dun axente de seguros exclusivo, persoa física: 10 €.

02 Inscrición dun axente de seguros vinculado, dun corredor de seguros ou de reaseguros, persoa física: 60 €.

03 Inscrición dunha sociedade de axencia de seguros ou dun operador de banca-seguros, exclusivos ou vinculados, dunha sociedade de corredoría de seguros ou de reaseguros: 140 €.

04 Inscripción de cargos de administración e de dirección responsables das actividades de mediación de seguros ou de reaseguros das sociedades de axencia de seguros ou dos operadores de banca-seguros, exclusivos ou vinculados, de corredoría de seguros ou de reaseguros (por cada alto cargo): 10 €.

05 Inscripción de calquera outro acto inscribible ou pola modificación dos inscritos (por cada un deles) 10 €.

06 Expedición de certificados relativos á información incluída nos rexistros: 10 €».

11) Modifícase a redacción da subalínea 07 da alínea 05 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«07 Ocupacións e autorización de cultivos agrícolas ou pasteiros en terreos forestais».

12) Modifícase a subalínea 13.03 da alínea 05 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«03 Leñas:

-Sinalamento.

-Por cada estéreo dos 100 primeiros: 0,053605 €

-Polos restantes: 0,026803 €.

-Recoñecemento final: 75% do sinalamento».

13) Modifícase a subalínea 02 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«02 Prestación de servizos facultativos relacionados coas análises, ditames, peritaxes, etc., cando así o esixa a normativa vixente:

-Por análises fisicoquímicas ou bromatolóxicas (por determinación): 5,29 €.

Máximo: 41,33 €.

-Por reconto celular:

-Por mostra de leite: 0,348437 €.

-Por outras mostras: 0,871092 €.

Máximo: 8,34 €.

-Illamento e identificación bacteriolóxicos:

-Por mostra de leite: 0,703576 €.

-Por outras mostras: 1,95 €

Máximo: 8,34 €.

-Determinación de susceptibilidade de antimicrobianos e inhibidores do crecemento con mostras ou tecidos ou segregacións de animais:

-Por mostra de leite: 1,038615 €.

-Por outras mostras: 2,71 €.

-Análises parasitolóxicas (por mostra): 2,71 €.

-Serodiagnóstico e probas alérxicas (por determinación): 2,99 €.

-Por cada trinta mostras e por enfermidade investigada correspondentes a explotacións integradas en agrupacións de defensa sanitaria gandeira: 2,89 €.

-Necropsias e análises anatómico-patolóxicas por mostra ou animal:

-Vacún, equino e similares (adultos): 16,62 €.

-Porcino, ovino, caprino, cans e similares: 12,45 €.

-Aves, coellos ou similares 4,22 €.

-Análise histopatolóxica (por animal): 5,42 €.

-Análise virolóxica:

-Illamento e identificación (por mostra): 5,42 €.

-Outras técnicas virolóxicas (por técnica): 2,99 €.

-Contrastación de doses seminais de vacún: 20,10 €.

Mínimo, en calquera caso: 2,77 €».

14) Modifícase a subalínea 12 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«12 Por servizos facultativos veterinarios correspondentes á apertura e ao control de centros de depósito, transformación ou destrución de subprodutos de orixe animal, non destinados a consumo humano:

-Por autorización e apertura: 124,08 €.

-Por control e toma de mostras: 41,33 €».

15) Modifícase a subalínea 20 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«20 Subministración de marcas e documentos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún:

-Por cada acto administrativo de subministración: 0,703576 €.

-Por unidade de identificación subministrada: 0,368540 €».

16) Modifícase a subalínea 21 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«21 Xestión e subministración de marcas para recrotalización, logo das comprobacións oportunas, en caso de perda, identificación incompleta ou deterioración de marcas identificativas de bovino, ovino e cabrún (as dúas no caso dos identificados polo Regulamento 820/1997 e dunha polo Real decreto 205/1996), incluída a identificación de animais procedentes de terceiros países ou a reidentificación para cumprir a normativa comunitaria de movemento de gando:

-Por cada acto administrativo: 2,08 €.

-Por unidade de identificación subministrada: 1,42 €».

17) Engádeselle a alínea 47 ao anexo 2, coa seguinte redacción:

«47 Autorización para o alugueiro de embarcacións de recreo da lista 6.^a dos rexistros marítimos: 50,02 €».

18) Modifícase a alínea 05 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«05 Exame de proxectos, comprobación de certificacións e inspección de obras, tanto de nova planta coma de rehabilitación de toda clase de vivendas.

(Sobre orzamento): 0,07%.

Enténdese por orzamento a suma do orzamento xeral, incluídas a marxe industrial e de administración, os honorarios e mais o valor dos terreos».

19) Engádeselle a subalínea 03 á alínea 38 do anexo 3, coa seguinte redacción:

«03 Modificacións:

* Sobre a tarifa consignada na subalínea 01 deste mesmo apartado: 100%».

20) Engádeselle a subalínea 03 á alínea 46 do anexo 3, coa seguinte redacción:

«03 Modificacións:

-Sobre a tarifa consignada na subalínea 01 deste mesmo apartado: 100%».

21) Modifícase a subalínea 03 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“03 Autorización ou prórroga da autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos: 648,76 €».

22) Modifícase a subalínea 04 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«04 Inscripción no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia:

-Pequenos produtores de residuos perigosos: 162,19 €.

-Transportistas de residuos perigosos ou non perigosos: 162,19 €.

-Produtores de residuos non perigosos: 162,19 €.

-Produtores de residuos non perigosos inertes: 162,19 €.

-Produtores de residuos de construción e demolición: 162,19 €».

23) Modifícase a subalínea 07 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«07 Autorización ou prórroga da autorización de instalacións de residuos urbanos: 324,38 €».

24) Engádeselle a subalínea 12 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«12 Autorización de almacenamento previo: 324,38 €».

25) Engádeselle a subalínea 13 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«13 Autorización de traslado transfronteirizo de residuos: 162,19 €».

26) Modifícase a subalínea 01 da alínea 58 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«01 Rexistro de control metrolóxico de fabricantes, reparadores e importadores con sede na Comunidade Autónoma de Galicia:

-Por cada inscrición: 80,58 €.

-Pola renovación da inscrición, da tarifa anterior: 50%».

27) Engádeselle a alínea 60 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«60 Dirección e inspección da explotación de infraestruturas hidráulicas:

-A base impositiva será o importe de cada unha das certificacións expedidas polo servizo. O tipo de gravame será do: 4%».

28) Modifícanse as regras quinta, sexta e novena da tarifa X-1 contidas na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que quedan redactadas como se transcribe a seguir:

«Quinta.-Aos barcos mercantes que efectúen máis de doce entradas nas augas do porto durante o ano natural aplicaráselles as seguintes tarifas:

-Da entrada 13.^a á 24.^a: o 85% da tarifa da regra cuarta.

-Da entrada 25.^a á 40.^a: o 70% da tarifa da regra cuarta.

-Nas entradas 41.^a e seguintes: o 50% da tarifa da regra cuarta.

Sexta.-Nas liñas de navegación con cualificación de regulares, e sempre que antes do 1 de xaneiro de cada ano esta condición estea suficientemente documentada perante Portos de Galicia, as tarifas que se lles apliquen aos seus barcos poderán ser:

-Da entrada 13.^a á 24.^a: o 90% da tarifa da regra cuarta.

-Da entrada 25.^a á 50.^a: o 80% da tarifa da regra cuarta.

-A partir da entrada 51.^a: o 70% da tarifa da regra cuarta.

A denegación destas tarifas terá que ser motivada.

Para que nos barcos que se incorporen a unha liña se poida optar á aplicación destas tarifas reducidas, será condición necesaria que antes da entrada en porto deses barcos se xustifique esta circunstancia documentalmente perante Portos de Galicia. Estas tarifas reducidas non terán en ningún caso carácter retroactivo.

Para os efectos do cómputo de entradas, acumularanse en cada porto todas as entradas dos barcos dunha mesma liña regular ou dun mesmo armador.

As tarifas reducidas de escala das que se fai mención nesta regra e mais na anterior serán excluíntes entre elas.

Novena.-Os barcos destinados ao tráfico de pasaxeiros de interior ou de ría e os remolcadores e dragas con base no porto aboarán mensualmente quince veces o importe diario que lles correspondese por aplicación da regra cuarta desta tarifa, independentemente das entradas, saídas e días de estancia no porto.

Para que esta regra sexa aplicada a un buque será condición indispensable que previamente se formule a correspondente declaración perante a dirección do porto e que esta dea a súa conformidade.

Portos de Galicia poderá establecer concertos anuais para a liquidación da tarifa con estas embarcacións, cunha redución adicional de ata o 25% na súa contía».

29) Modifícanse as regras cuarta, décimo primeira e décimo terceira da tarifa X-2 contidas na subalínea

01 da alínea 99 do anexo 3, que quedan redactadas como se transcribe a seguir:

«Cuarta.-Aos barcos mercantes que efectúen máis de doce atracadas nos peiraos do porto durante o ano natural aplicaráselles as seguintes tarifas:

-Da entrada 13.^a á 24.^a: o 85% da tarifa da regra terceira.

-Da entrada 25.^a á 40.^a: o 70% da tarifa da regra terceira.

-Nas entradas 41.^a e seguintes: o 50% da tarifa da regra terceira.

Décimo primeira.-O barco que, logo de recibir orde de desatracar ou de rectificar a atracada, demore estas operacións pagará, con independencia das sancións ás que haxa lugar, as seguintes cantidades:

-Por cada unha das dúas primeiras horas ou fracción: o importe da tarifa de vinte e catro horas da regra terceira.

-Por cada unha das horas restantes: dúas veces o importe da tarifa de vinte e catro horas da regra terceira.

Décimo terceira.-Os barcos destinados ao tráfico de pasaxeiros de interior ou de ría e os remolcadores e dragas con base no porto que atraquen habitualmente en determinados peiraos aboarán mensualmente quince veces o importe diario que lles corresponde por aplicación da regra terceira desta tarifa, independentemente das entradas, saídas e días de estancia no porto. Para que esta regra sexa aplicada a un buque será condición indispensable que previamente se formule a correspondente declaración perante a dirección do porto e que esta dea a súa conformidade.

Portos de Galicia poderá establecer concertos anuais para a liquidación da tarifa coas embarcacións citadas nesta regra, cunha redución adicional de ata o 25% na contía da tarifa».

30) Modifícanse as regras novena e vixésimo cuarta da tarifa X-3 contidas na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que quedan redactadas como se transcribe a seguir:

«Novena.-As contías da tarifa aplicables a cada partida de mercadorías serán por tonelada métrica de peso bruto ou fracción e en función do grupo de bonificación ao que pertenzan, de acordo co repertorio de clasificación de mercadorías que se recolle na regra vixésimo quinta desta tarifa.

Grupo de mercadorías	Prezo en euros por tonelada métrica
Primeiro	0,455128
Segundo	0,758547
Terceiro	1,213675
Cuarto	1,972222
Quinto	3,034188

As mercadorías que exclusivamente se embarquen terán unha bonificación do 30% na base da tarifa.

As mercadorías que sexan transbordadas aplicaráselles esta tarifa cunha bonificación do 50% na súa contía en cada unha das operacións.

As mercadorías que realicen tránsito marítimo ou terrestre non se lles aplicará ningunha variación con respecto ás contías das tarifas de embarque e desembarque.

Para partidas cun peso total inferior a unha tonelada métrica a contía será, por cada 200 quilogramos ou fracción en exceso, a quinta parte da que correspondería pagar por unha tonelada.

Para os efectos desta regra, entenderase como partida as mercadorías incluídas en cada liña dun mesmo coñecemento de embarque.

Vixésimo cuarta.-As mercadorías e os combustibles embarcados para o avituallamento do propio barco directamente desde terra non están suxeitos ao aboamento desta tarifa, sempre que o combustible pagase a tarifa de entrada no porto correspondente».

31) Engádesse unha nova regra, a décimo cuarta, na tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como se transcribe a seguir:

«Décimo cuarta.-O barco pesqueiro que atraque no peirao con prohibición expresa de Portos de Galicia ou logo de recibir orde de desatracar ou rectificar a atracada e que demore estas operacións aboará, con independencia da tarifa X-4, a tarifa X-2 coa contía prevista na regra décimo primeira».

32) Modifícanse as regras sexta, sétima, novena, décima e décimo primeira e engádense tres novas, a décimo terceira, a décimo cuarta e a décimo quinta, na tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que quedan redactadas como se transcribe a seguir:

«Sexta.-A contía da tarifa estará composta polos seguintes conceptos:

A) Pola utilización das augas dos portos e mais das instalacións portuarias.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos.

O importe da tarifa X-5 será o resultado da suma dos conceptos A), B) e C) indicados anteriormente que lle sexan aplicables en función dos servizos prestados.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,038268 euros.

Zona II: 0,022960 euros.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,042095 euros.

2. Atracada de costado: 0,105237 euros.

3. Atracada a banqueta ou dique: 0,021047 euros.
4. Ancoraxe: 0,042095 euros.
5. Embarcacións en seco: 0,089292 euros.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada *finger* en cada posto de atracada: 0,017858 euros.
2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008929 euros.
3. Toma de auga: 0,006378 euros.
4. Toma de enerxía eléctrica: 0,006378 euros.
5. Vixilancia xeral da zona: 0,006378 euros.

Cando o organismo portuario goce especificamente de zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías dos apartados 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50%, sempre que previamente se lle soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,5.

Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinado para tal fin e debidamente autorizado.

Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banqueta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.

Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada coma en estadías prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.

Enténdese por vixilancia xeral da zona, para efectos de aplicación do concepto C) anterior, a prestada pola autoridade portuaria para a totalidade da instalación portuaria sen que constituía un servizo especial á instalación náutico-recreativa, nin garantía respecto da integridade das embarcacións ou dos bens depositados.

Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos puntos 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados.

Sétima.-O aboamento da tarifa da regra sexta farase:

a) Para embarcacións de paso no porto, por adiantado á chegada e polos días de estadía que declaren. Se este prazo tivese que ser superado, o suxeito pasivo terá que formular nova petición e aboar de novo por adiantado o importe inherente ao prazo prorrogado.

b) Para embarcacións con base no porto, por semestres adiantados, dando lugar o devandito aboamento adiantado a unha redución do 20% do importe da tarifa que lle sexa aplicable. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia de o con-

siderar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

Enténdese por embarcación con base no porto, para os únicos efectos da aplicación desta tarifa, aquela que teña autorizada a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe por un período dun ou máis semestres. O resto das embarcacións serán consideradas como de paso no porto.

Para embarcacións con base no porto o importe da tarifa aplicable será polo período completo autorizado, independente das entradas, das saídas ou dos días de ausencia da embarcación, mentres teña asignado o posto de atracada ou ancoraxe.

As embarcacións que teñan base nun porto dependente de Portos de Galicia gozarán dun 50% de desconto, sobre a tarifa diaria aplicable ás embarcacións de paso, durante as súas estadías noutros portos dependentes de Portos de Galicia.

A baixa como embarcación de base producirá efectos fronte a Portos de Galicia desde o semestre natural seguinte ao da solicitude de baixa.

Novena.-O servizo de ancoraxe ou de atracada, así como os restantes servizos, téñenlle que ser solicitados a Portos de Galicia con carácter previo á utilización deles, para a súa autorización, se procede, nas zonas especialmente habilitadas para isto. A utilización de calquera destes servizos sen autorización previa dará lugar á aplicación de cinco veces o importe da tarifa ordinaria que lle corresponda a partir do momento do comezo da utilización do servizo; todo isto independentemente da sanción que poida proceder por infracción do regulamento de servizo, policía e réxime do porto, e sen prexuízo da aplicación do disposto na regra décima.

Décima.-O aboamento desta tarifa non dispensa da obriga de desatracar a embarcación, de cambiar de lugar de amarre ou de ancoraxe, ou mesmo de abandonar o porto se así fose ordenado, por o coidar necesario a autoridade competente. Neste último suposto só se terá dereito á devolución do importe da ocupación aboada por adiantado.

O atraso en cumprir calquera das ordes ditadas pola autoridade portuaria competente relativas a atracadas, desatracadas, amarres, ancoraxes, saídas do peirao ou pantalán, retirada de embarcacións depositadas en terra, etc., dará lugar á aplicación dunha tarifa cun importe de dúas veces a tarifa diaria que lle correspondería aboar á embarcación, consonte as contías da regra sexta, polo número de horas ou fracción de demora.

Décimo primeira.-As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesións, agás que no título concesional se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión. Para o seu aboamento o concesionario poderá optar:

a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario lle entregará a Portos de

Galicia, cos datos diarios precisos para que este lles poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso coma ás que teñen base na concesión, de acordo co procedemento e formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o concesionario entregaralle a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que sinale este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 15% da contía da tarifa que lle corresponda, dependendo da composición e do porte da flota do centro.

No suposto b), Portos de Galicia poderá establecer convenios cos concesionarios de instalacións náutico-recreativas para o aboamento desta tarifa. A base do convenio, cifrada en metros cadrados de ocupación por día e mes, estableceraa para cada concesión e temporada Portos de Galicia, consonte os datos estatísticos de tráfico e ocupación da concesión dispoñibles, e semestralmente efectuarase unha liquidación global polo importe que corresponda á ocupación, á composición e ao porte da flota que se incluíse no convenio. Este non poderá ser inferior ao 70% do importe que correspondería pola aplicación da tarifa á ocupación estimada, que en ningún caso poderá ser inferior á do ano anterior. Neste suposto non é aplicable o desconto descrito na letra b) da regra décimo primeira, nin o previsto no apartado b) da regra sétima.

Décimo terceira.-Nas instalacións deportivas construídas por Portos de Galicia e xestionadas por particulares mediante xestión indirecta poderase aplicar unha redución na contía da tarifa de ata o 15%, dependendo da composición e do porte da flota, sempre que o concesionario se subroga na obriga do pagamento dos suxeitos pasivos e aboe a tarifa por semestres adiantados. Neste caso o concesionario entregaralle a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que se lle sinale, cos datos necesarios para que este organismo poida emitir a facturación correspondente.

Décimo cuarta.-Se solicitadas as dimensións da embarcación por parte de Portos de Galicia o titular demora a remisión destes datos ou ben se nega a facilitalos, o organismo portuario, ademais de poder proceder á apertura do correspondente expediente sancionador e retirada da embarcación da atracada, poderá realizar as súas propias medicións e facturar a tarifa consonte con elas.

Décimo quinta.-As embarcacións deportivas depositadas nas superficies portuarias requirirán a correspondente autorización de Portos de Galicia. No caso de non contar con esta autorización, a tarifa que se aplicará durante o prazo de ocupación será o quintuplo da indicada no apartado B) da regra sexta, sen prexuízo

de que Portos de Galicia poida proceder á retirada da embarcación, polo que pasará o correspondente cargo e en todo caso o valor da embarcación responderá dos gastos de transporte e almacenaxe».

33) Modifícase a regra sétima da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como se transcribe a seguir:

«Sétima.-As contías serán, por metro cadrado ou fracción e día natural ou fracción, as seguintes:

Zona de manobra e tránsito (no caso de existir autorización)	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ao 10	0,038587	0,025704	0,019326
Días 11 ao 20	0,118184	0,078768	0,059124
Días 21 e seguintes	0,233116	0,155432	0,116590

Zona de almacenamento	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Superficie descuberta	0,021047	0,014031	0,010524
Superficie cuberta	0,080873	0,053895	0,040373

Na zona de almacenamento situada a máis de 35 m do cantil do peirao dos portos incluídos nos grupos A e B aplicarase a tarifa do grupo inmediato inferior correspondente.

Na ocupación de tubaxes, canalización ou instalacións soterradas xerais do porto a tarifa será o 50% do que lle correspondería segundo os cadros anteriores, agás que o seu uso impida a utilización da superficie exterior. Neste caso, a tarifa sería a indicada nesta regra para a superficie descuberta.

A superficie que se considerará para canalizacións será a da proxección horizontal da tubaxe ou instalación de que se trate, cunha superficie mínima de 0,5 m² por cada metro lineal de canalización.

As contías da tarifa para as ocupacións de superficie destinadas a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias serán as seguintes:

	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ao 10	0,105234	0,070157	0,052620
Días 11 e seguintes	0,210470	0,140313	0,105240

34) Modifícanse as regras cuarta e quinta da tarifa E-3 contidas na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que quedan redactadas como se transcribe a seguir:

«Cuarta.-As contías da tarifa por subministración de auga potable serán as seguintes:

-Por m² de auga ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 1,005882 euros.

-Por m² de auga ou fracción subministrada nas restantes instalacións: 0,603530 euros.

A facturación mínima no primeiro caso será de 3,601012 euros. No segundo caso a facturación mínima mensual será tamén de 3,601012 euros.

Quinta.-As contías da tarifa por subministración de enerxía eléctrica serán as seguintes:

-Por kWh ou fracción subministrado a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 0,311183 euros.

-Por kWh ou fracción subministrado nas restantes instalacións: 0,186709 euros.

A facturación mínima no primeiro caso será de 3,601012 euros. A facturación mínima mensual no segundo caso será un 10% superior á mínima mensual establecida pola compañía eléctrica subministradora para a instalación de que se trate».

35) Modifícase a regra décimo primeira da tarifa E-4 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como se transcribe a seguir:

«Décimo primeira.-As contías da tarifa por utilización das instalacións para a reparación de embarcacións nos varadoiros serán as seguintes:

a) As contías da tarifa por izada ou baixada da embarcación dos varadoiros serán as seguintes:

-Embarcacións de ata 50 t: 0,580397 euros por cada metro de eslora ou fracción.

-Embarcacións de máis de 50 t e ata 150 t: 0,289369 euros por cada tonelada ou fracción.

-Embarcacións de máis de 150 t: 0,448564 euros por cada tonelada ou fracción.

b) As contías da tarifa por día de estadía ou fracción nos varadoiros serán as seguintes:

-Embarcacións de ata 50 t: 0,289369 euros por cada metro de eslora ou fracción.

-Embarcacións de máis de 50 t e ata 150 t: 0,146758 euros por cada tonelada ou fracción.

-Embarcacións de máis de 150 t: 0,289369 euros por cada tonelada ou fracción.

Para as embarcacións incluídas nos dous últimos grupos (embarcacións de máis de 50 t), a tarifa incrementarase nun 50% por cada semana de estadía continuada nos varadoiros. Esta porcentaxe aplicarase cada vez sobre a tarifa acumulada correspondente á semana anterior.

c) A contía da tarifa por día de utilización ou fracción das ramplas do varadoiro será de 0,580397 euros por cada metro de eslora ou fracción. (Aplicable unicamente a embarcacións con cuberta)».

36) Modifícase a letra c) do punto 1 da alínea 02 do anexo 5, que queda redactada como se transcribe a seguir:

«c) Ocupación de obras e instalacións. Estará constituída polos seguintes conceptos:

-O valor dos terreos e das augas ocupados, incluídas neste apartado a urbanización interna e a pavimentación da parcela en concesión.

-O valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións en concesión no momento do seu outorgamento, calculado sobre a base de criterios de mercado, e o valor da súa depreciación anual. Estes valores, que serán aprobados por Portos de Galicia, perma-

necerán constantes durante o período concesional e non lles será aplicable a actualización anual prevista no artigo 42.

Os criterios para o cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación aprobaraos o conselleiro competente en materia de portos, por proposta do ente público Portos de Galicia».

Artigo 52.-Canon de saneamento. Modificación da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia

Modifícase o número 1 do artigo 40 da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, que queda redactado como segue:

«1) O tipo de gravame expresarase en euros/m³ ou en euros pola unidade de contaminación en función da base imponible á que teña que aplicarse.

Establécense os seguintes valores do tipo de gravame do canon:

a) Usos industriais ou asimilados:

-Tipo xeral por volume: 0,330 euros/m³.

-Materias en suspensión: 0,193 euros/kg.

-Sales solubles: 3,106 euros/S/cm³.

-Materia oxidable: 0,387 euros/kg.

-Metais: 8,726 euros/kg equimetral.

-Materias inhibidoras: 0,040 euros/equitox.

b) Usos domésticos: 0,197/m».

Capítulo II Tributos cedidos

Artigo 53.-Taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar.

No uso das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e das condicións da devandita cesión, e consonte o disposto na letra c) do punto 1 do artigo 42 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e en virtude do establecido no artigo 5.Dous.4 da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, modifícanse os tipos de gravame e as cotas fixas da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, no sentido que a continuación se indica:

Un.-Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

Porción de base imponible comprendida entre euros	Tipo aplicable porcentaxe
Entre 0 e 1.580.470	22
Entre 1.580.470,01 e 2.614.960	38
Entre 2.614.960,01 e 5.215.555	49
Máis de 5.215.555	60

Dous.-Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas realizada pola Lei 14/1985, do 23 de outo-

bro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, segundo as normas seguintes:

A) Máquinas tipo A especial.

Cota anual: 500 euros.

B) Máquinas tipo B ou recreativas con premio.

a) Cota anual: 3.516 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo «B», nos que poidan intervir dous ou máis xogadores de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa independente do realizado por outros xogadores, serán aplicables as seguintes cotas:

-Máquinas ou aparellos de dous xogadores: dúas cotas de acordo co previsto no apartado a).

-Máquinas ou aparellos de tres ou máis xogadores: 7.200 euros máis o resultado de multiplicar por 2.896 o produto do número de xogadores polo prezo autorizado para a partida.

C) Máquinas tipo C ou de azar.

Cota anual: 5.132 euros.

No caso de modificación do prezo máximo de 0,20 euros autorizado para a partida en máquinas de tipo "B" ou recreativas con premio, as cotas tributarias establecidas na letra B) anterior incrementaranse en 17,72 euros por cada céntimo de euro no que se incrementa o novo prezo máximo autorizado.

Se a modificación se producise con posterioridade ao devengo da taxa, os suxeitos pasivos que exploten máquinas con permisos de data anterior a aquela na que se autorice a suba deberán autoliquidar e ingresar a diferenza de cota que corresponda na forma e nos prazos que determine a Consellería de Economía e Facenda.

Malia o previsto no parágrafo anterior, a autoliquidación e o ingreso serán só do 50% da diferenza se a modificación do prezo máximo autorizado para a partida se produce despois do 30 de xuño.

Disposicións adicionais

Primeira.-Información ao Parlamento.

Un.-A Consellería de Economía e Facenda facilitaralle trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento información referente ás seguintes actuacións:

a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.

b) As operacións de endebedamento por prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma e polos seus organismos autónomos ou sociedades públicas, conforme as autorizacións contidas nesta lei.

c) Os avais amortizados, pagamentos efectuados por falidos, importes recuperados e risco acumulado, tanto polo que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma coma polos seus organismos autónomos e sociedades públicas.

d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas outorgadas polo Consello da Xunta ás que se refiren as letras a), b) e c) do artigo 41 desta lei.

f) Os plans a que se refire a disposición adicional terceira desta lei.

Dous.-A Consellería de Economía e Facenda comunicarlle á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas conforme o previsto na letra q) do artigo 5 desta lei.

b) As modificacións efectuadas consonte o indicado no artigo 9.

c) Os orzamentos dos organismos autónomos e das sociedades públicas que poidan entrar en funcionamento ao longo do ano 2006.

Tres.-A *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.* comunicarlle mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

Segunda.-Fondo salarial.

Co fin de mellorar a prestación dos servizos públicos e de dotar dunha maior eficacia a xestión da administración pública, incrementando a produtividade e a motivación dos empregados públicos, para o ano 2006 instáurase un fondo equivalente ao 0,5% da masa salarial do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, cuxa distribución se negociará no ámbito da mesa xeral de negociación da función pública.

En calquera caso, os convenios ou acordos subscritos entre a Administración autonómica e as organizacións sindicais que teñan vixencia durante o exercicio de 2006 que supoñan incrementos retributivos adicionais aos de carácter xeral establecidos nesta lei quedarán enmarcados na mellora prevista nesta disposición adicional.

Terceira.-Sociedades públicas.

As entidades públicas e sociedades mercantís ás que se refire o artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que, se é o caso, poidan presentar perdas de explotación nos seus orzamentos, están obrigadas a elaborar un plan coa finalidade de restablecer o equilibrio.

O citado plan deberáselle remitir á Consellería de Economía e Facenda para a súa aprobación, dentro dos tres meses seguintes a aquel no que se detectase a situación de desequilibrio ou, en todo caso, a partir da aprobación das contas anuais nas que esta circunstancia se reflecta.

Cuarta.-Autorización de orzamentos en sociedades de nova creación.

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, a aprobar os orzamentos de explotación e capital previstos no artigo 83 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, das sociedades públicas que se constitúan ou entren en funcionamento ao longo do ano 2006.

Quinta.-Propostas normativas que comporten crecemento do gasto.

Non poderán formularse iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, nin aprobarse normas de rango regulamentario, cando da súa aplicación derive un incremento do gasto público, sen a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financieira que avalíe adecuadamente os custos que esas propostas representan e as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento.

Sexta.-Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde.

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluídos nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións, correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos, practicantes e matronas titulares.

En todo caso, daráselle conta á Consellería de Economía e Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.

Sétima.-Órganos unipersoais do Servizo Galego de Saúde

Modifícase o artigo 37.1.B) da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 37.1. B) Órganos unipersoais:

Determinaranse por decreto da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Sanidade».

Oitava.-Prestacións familiares por coidado de fillos menores.

Aquelas persoas que, na data de entrada en vigor desta lei, teñan ao seu cargo fillos menores de tres anos, terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un deles cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2004, nin eles nin ningún dos membros da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período.

A percepción desta prestación axustarase ao procedemento que estableza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que esixirá xustificación docu-

mental dos requisitos precisos para o seu gozo, sen que o mesmo fillo poida dar lugar a máis dunha prestación.

Novena.-Plan de reequilibrio territorial.

Englobado no marco dun pacto polo territorio que permita planificar e coordinar investimentos e outras actuacións con criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social, a Xunta de Galicia elaborará ao longo do actual exercicio un plan de reequilibrio territorial, concibido como axente activo de desenvolvemento económico integral de Galicia, dirixido ás áreas con menor crecemento, e de reforzamento da cohesión social, que coordinará actuacións sectoriais das distintas consellarías, por un importe mínimo de 150 millóns de euros.

O citado plan identificará os créditos dos diferentes programas de gasto que quedarán afectados nas distintas consellarías á súa execución.

O plan seralle remitido antes do 30 de abril de 2006 á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos.

Décima.-Subsidio básico e complemento variable da renda de integración social de Galicia.

De acordo co disposto na disposición transitoria primeira da Lei 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, durante os tres primeiros exercicios orzamentarios de aplicación da Lei 16/2004 realizarase unha aplicación progresiva do importe da renda de integración social de Galicia sinalado nos apartados 1 e 2 do artigo 12 da Lei 9/1991, segundo redacción dada pola Lei 16/2004.

En cumprimento do exposto para o ano 2006, a contía do subsidio básico da renda de integración social de Galicia sinalado no apartado 1 do artigo 12 da Lei 9/1991, segundo redacción dada pola Lei 16/2004, será equivalente ao 70% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples, fixado na lexislación específica que resulta aplicable. A contía do complemento variable, en función do número de membros da unidade de convivencia independente, previsto no apartado 2 do mesmo artigo 12, e sen prexuízo do sinalado no apartado 5 do devandito artigo, no ano 2006 será a seguinte:

-O 11% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples polo primeiro membro adicional.

-O 9% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples polo segundo membro adicional.

-O 7% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples por cada un dos restantes membros adicionais.

Décimo primeira.-Recadación dos dereitos de natureza pública non tributarios.

Na recadación dos dereitos da Comunidade Autónoma de natureza pública non tributarios, incluídos no capítulo III dos orzamentos de ingresos, haberá que aterse ao disposto na súa normativa específica, e no seu defecto ao establecido para os dereitos de natureza tributaria.

*Disposicións derradeiras***Primeira.-Desenvolvemento da lei.**

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.

Segunda.-Vixencia.

As disposicións desta lei terán vixencia exclusiva para o ano 2006, con excepción dos artigos 44, 45, 51, 52 e 53 e da disposición adicional sétima e décimo primeira, que terán vixencia indefinida.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

Santiago de Compostela, vinte e nove de decembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

ANEXO 1**Artigo 5, e)**

Sección	Taxas	Prezos	Total
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (centros de menores)		200.000	200.000
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (TIVE)		601.012	601.012
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (outras)	263.073	10.734.574	10.997.647
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG)	300.506		300.506
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (oposicións)	6.010		6.010
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (outras)	6.670.318	13.830	6.684.148
Economía e Facenda	165.772		165.772
Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	7.611.092	152.123	7.763.215
Educación e Ordenación Universitaria (oposicións)	1.344.601	1.837.334	1.344.601
Educación e Ordenación Universitaria (outras)	1.610.463	1.837.334	3.447.797
Innovación e Industria	5.838.053	853.471	6.691.524
Medio Rural	2.320.806	4.707.921	7.028.727
Cultura e Deporte	392.807	73.098	465.905
Sanidade	2.601.898	13.829	2.615.727
Pesca e Asuntos Marítimos	1.228.874		1.228.874
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	5.286.681	393.150	5.679.831
Traballo	46.849	25.683	72.532
Vivenda e Solo	349.562		349.562
TOTAL	36.037.365	19.756.278	55.793.643

(euros)

ANEXO 2**Artigo 47**

Módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados
Ano 2006

Ano 2006	
Educación infantil: (Ratio profesor/unidade: 1:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	25.934,77
Gastos variables	3.529,93
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.230,97
Outros gastos	5.696,93
Importe total anual	39.392,60
Educación primaria: (Ratio profesor/unidade: 1,36:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	35.271,30
Gastos variables	4.800,69
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	5.754,16
Outros gastos	5.696,93
Importe total anual	51.523,08

Ano 2006	
Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):	
I. Educación básica primaria: (Ratio profesor/unidade: 1:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	25.934,77
Gastos variables	3.529,93
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.230,97
Outros gastos	6.076,76
Importe total anual	39.772,43
Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias:	
Psíquicos	18.794,71
Autistas ou problemas graves de personalidade	15.245,41
Auditivos	17.487,74
Plurideficientes	21.704,78
II. Formación profesional: «Aprendizaxe de tarefas»: (Ratio profesor/unidade: 2:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	51.869,53
Gastos variables	4.631,56
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.461,94
Outros gastos	8.571,41
Importe total anual	73.534,44
Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias:	
Psíquicos	30.008,35
Autistas ou problemas graves de personalidade	26.840,57
Auditivos	23.250,53
Plurideficientes	33.368,93
Educación secundaria obrigatoria:	
I. Primeiro ciclo: (Ratio profesor/unidade: 1,52:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	39.420,82
Gastos variables	4.383,39
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.981,50
Outros gastos	7.406,03
Importe total anual	60.191,74
II. Segundo ciclo: (Ratio profesor/unidade: 1,52:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	46.292,22
Gastos variables	7.953,03
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	6.965,82
Outros gastos	8.174,35
Importe total anual	69.385,42
Ciclos formativos: (Ratio profesor/unidade grao medio: 1,52:1) (Ratio profesor/unidade grao superior: 1,52:1)	
I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:	
Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:	
Primeiro curso	46.382,25
Segundo curso	0
Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:	
Primeiro curso	46.382,25
Segundo curso	46.382,25
Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:	
Primeiro curso	46.484,19
Segundo curso	0
Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:	
Primeiro curso	46.484,19
Segundo curso	46.484,19
II. Gastos variables:	
Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:	
Primeiro curso	6.263,06
Segundo curso	0
Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:	
Primeiro curso	6.263,06
Segundo curso	6.263,06
Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:	
Primeiro curso	6.755,90
Segundo curso	0
Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:	
Primeiro curso	6.755,90
Segundo curso	6.755,90
III. Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	
Ciclos formativos de grao medio	6.965,82
Ciclos formativos de grao superior	6.965,79
IV. Outros gastos:	
Grupo 1. Ciclos formativos de:	
Condución de actividades físico-deportivas no medio natural.	
Pastelería e panadería.	
Servizos de restaurante e bar.	
Animación turística.	
Estética persoal decorativa.	
Química ambiental.	
Farmacia.	
Hixiene bucodental.	